

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2019-2020

1. OBXECTO.

É obxecto destas bases regular a concesión polo concello de Ordes, en réxime de concorrència competitiva das axudas económicas aos/as estudantes que cursen estudos en centros de ensino sostidos con fondos públicos para compra de material escolar para alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.

2. FINANCIAMENTO.

O importe máximo para financiar as axudas reguladas nestas bases ascende á contía total de 3.000,00 €. Os créditos necesarios para facer fronte a ditas obrigacións consígnanse na partida **326.480.00** dos orzamentos municipais para o exercicio 2020 (prorrogados de 2019).

As citadas axudas outorgaranse de conformidade co disposto nas presentes bases ata esgotar o crédito orzamentario previsto para ese efecto nos orzamentos municipais.

No caso de que os/as solicitantes con dereito á axuda obteñan a mesma puntuación, terán preferencia os de menor renda familiar.

A presentación da solicitude non xerará dereito ningún por parte do solicitante.

3. BENEFICIARIOS/AS. REQUISITOS XERAIS.

- Figurar empadroados no mesmo domicilio e residir de modo efectivo no Concello de Ordes, todos/as os membros/as da unidade familiar á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- Estar matriculado/a nun centro público localizado no termo municipal de Ordes.
- Non atoparse repetindo curso.
- Cursar estudos nos centros e cursos para os que se solicita a axuda.
- Non superar os ingresos económicos fixados nos criterios de valoración de solicitudes, en particular que a suma das bases impositibles do IRPF (recadros 460+435) dos membros que integran a unidade familiar, dividido entre o número de membros computables da mesma, non exceda dos **9.000,00 euros**. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto na base 6ª da presente convocatoria.
- Que a suma dos valores catastrais das fincas urbanas, que pertencen aos membros da unidade de convivencia, non exceda os 35.000,00 € e que a suma dos valores catastrais de fincas rústicas, que pertencen aos membros da unidade de convivencia, non exceda os 13.000,00 €. En ambos os casos queda excluída a vivenda habitual.
- Non ser debedor da Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal, así como da Seguridade Social.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Ordes.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No caso de unidades familiares que teñan aberto expediente no Departamento municipal de Servizos Sociais e que non reúnan os requisitos para solicitar as axudas, queda aberta a posibilidade da súa concesión segundo a valoración das profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia atópanse nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social ou da educadora familiar do concello, co visto e praxe do/a concelleiro/a de Asuntos Sociais, e o compromiso de cumprimento por parte dos/as usuarios/as dos obxectivos fixados na intervención sociofamiliar realizada pola profesional correspondente (traballadora social ou educadora familiar).

4. BENEFICIARIOS/AS. REQUISITOS ESPECÍFICOS.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas previstas nestas bases as familias nas que concorran, ademais dos requisitos xerais, os seguintes:

- Ter ao seu cargo fillos/as e/ou tutelados/as legais en idade escolar matriculados en centros escolares públicos deste municipio durante o curso 2019-2020, en educación infantil, primaria ou secundaria obrigatoria, e non atoparse repetindo curso.
- Convivir co/a menor a cargo.
- Nos supostos de nulidade, separación, divorcio ou situacións similares dos proxenitores, o destinatario da axuda será o pai/nai/titor/a que teña atribuída a custodia do/a menor, de acordo co establecido no convenio regulador. Agás que se autorice a formular a solicitude polo outro proxenitor.
- Nos supostos de acollemento ou adopción, o destinatario da axuda será a persoa ou persoas que teñan adxudicada por resolución administrativa ou xudicial.
- En ningún caso poderán ser destinatarios da axuda os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos/as ou se a garda ou tutela fose asumida por unha institución pública.

5. DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR.

1. Para os efectos previstos nestas bases, e con referencia á situación familiar en 31 de decembro de 2018, considérase que conforman a unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente e, se for o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.
- b) Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos/as emancipados/as.
- c) Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles, e que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente volante ou certificado de convivencia.

3. No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivan co causante, acreditarase a circunstancia mediante un certificado de defunción.

4. Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

5. No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores inclúiranse dentro do cómputo da renda familiar.

6. En casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada da maneira establecida no punto 1 deste artigo, deberá achegarse volante ou certificado de convivencia en que figure o/a alumno/a para o cal se solicita a axuda e todos os familiares que convivan con el ou ela, ou certificado dos servizos sociais do concello que o acredite.

7. Para os menores que se atopen en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, a solicitude deberá ser formulada polo director ou directora do centro de menores correspondente ou, de ser o caso, pola familia en que estea acollido.

6. RENDA PER CÁPITA FAMILIAR.

1. Enténdese por renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.

2. Para os efectos do cálculo da renda per cápita da unidade familiar, computaranse por dúas os membros da familia, incluído/ao /a alumno/a, que figuren na solicitude e teñan recoñecida en 31 de decembro de 2018 unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor.

3. Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2018 e o exercicio fiscal 2018. Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.

4. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentarán declaración do imposto sobre a renda de 2018, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 460 (base imponible xeneral) e 435 (base imponible do aforro) da declaración.

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT do exercicio 2018.

5. No caso das solicitudes de axudas nos cursos incluídos nesta orde, coa firma da solicitude a persoa solicitante declara, baixo a súa responsabilidade, que reúne o requisito de ingresos da unidade familiar que fai constar, e queda sometido ao réxime de infraccións e sancións a que se refire a disposición adicional segunda desta orde.

Ademais, coa firma da solicitude a persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade que se atopa ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago débeda ningunha coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

6. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Con todo, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

7. DEBERES DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Os/as beneficiarios/as das axudas veñen obrigados/as a:

- Cumprir coa finalidade para a que foi concedida a axuda.
- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinaron a concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Ordes, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeira, que poidan realizar os órganos de control competentes achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao Concello de Ordes a concesión doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá realizarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- O resto dos deberes impostos pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións e demais normativa xeral de aplicación.

8. CONSENTIMENTO E AUTORIZACIÓNS.

1. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Por tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Con todo, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e neste caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 8.1, apartado "c", da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o Concello publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ordes (rúa Alfonso Senra, 108, 15680, Ordes), ou por calquera dos outros medios aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e irán dirixidas ao Alcalde-presidente do Concello de Ordes.

As solicitudes formalizaranse en modelo normalizado de solicitude asinado polo solicitante (interesado/a/pai/nai, titor/a) no que deberá especificarse o nome e apelidos do/a estudante, os estudos para realizar e o centro de ensino no que se cursen. O citado modelo de solicitude facilitarase no Rexistro municipal.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 28 de febreiro de 2020.

I. DOCUMENTACIÓN.

Xunto coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI/NIE/PASAPORTE (ou documento equivalente) do solicitante e de todas as persoas que formen a unidade familiar, maiores de 16 anos.
- b) Fotocopia do libro de familia. No caso de non ter, fotocopia de calquera outro documento que o substitúa.
- c) Factura de compra/presuposto dos libros e material escolar dun establecemento comercial do municipio.
- d) Fotocopia do carné de familia numerosa actualizado (de ser o caso).
- e) Certificado de convivencia do solicitante. Incorporarase de oficio.
- f) No caso de discapacidade igual ou superior ao 33% dalgún dos membros da unidade familiar, incluído/ao /a alumno/a, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en 31 de decembro de 2018:
 - Certificado emitido polo órgano competente.
 - Resolución ou certificado emitida pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.
 - Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou xubilación por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- g) No caso de alumnado en tutela ou garda legal, resolucións acreditativas de tal situación.
- h) Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade familiar, mediante os documentos seguintes:
 - Fotocopia compulsada da declaración da renda correspondente ao exercicio 2018.
 - Informe de vida laboral solicitado nas Oficinas da Tesourería Xeral da Seguridade Social, con posterioridade á publicación desta convocatoria. Se no informe de vida laboral hai períodos de cotización durante o ano 2018 (sexa por traballo por conta propia ou allea ou por prestacións por desemprego), deberá xustificarse documentalmente a orixe e importe destes ingresos durante o ano 2018 mediante: certificado de empresa de remuneracións ou copias de nóminas do período traballado, certificado do INEM da contía da prestación, ou ben calquera outro certificado acreditativo dos ingresos.

De forma complementaria coa documentación anterior achegaranse os seguintes documentos:

- En caso de recibir pensión de xubilación, viuvez, orfandade ou incapacidade, deberán presentar certificado expedido polo organismo competente da cantidade mensual que se percibe.
- Os perceptores da RISGA, certificado da contía mensual que perciben. Xustificante de recibir o solicitar no INSS a prestación familiar por fillo a cargo (no seu caso).
- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador, en caso de incumprimento copia da denuncia por incumprimento da Sentenza.
- i) Certificado do centro escolar no que estean matriculados, facendo constar a súa condición de Bolseiro / Non Bolseiro e llo/a alumno/a atópase repetindo curso ou non.
- j) Declaración na que se recolla o conxunto de todas as axudas que teña solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas restantes administracións públicas.
- k) Declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social no momento da presentación da solicitude.
- l) Autorización para a consulta de datos tributarios e seguridade social.

Cando por razóns alleas ao solicitante, non sexa posible achegar a documentación requirida, poderá ser emendada mediante declaración responsable.

No caso de que a documentación non cumpra cos requisitos esixidos ou que a documentación achegada teña erros ou sexa insuficiente, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días emende a falta e atribuírche os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixer, de conformidade co establecido no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, LPACAP, considerarase desistido da súa petición, previa resolución, que será ditada nos termos previstos no seu art. 21.

II. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para proceder á adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo:

- Nivel de renda per cápita .
 - Ata 5.400,00 €: 10 puntos.
 - De 5.400,00 a 7.455,14 €: 7 puntos.
 - Máis de 7.455,14 €: 5 puntos.
- Familia numerosa, nos termos establecidos na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas:
 - Categoría especial: 4 puntos.
 - Categoría xeral: 2 puntos.
- No caso de que o solicitante teña recoñecida discapacidade: 4 puntos.

III. COMISIÓN DE VALORACIÓN.

O órgano instrutor será unha técnico da área de educación.

Revisados os expedientes e completados, remitiranse á Comisión de Valoración para o seu estudo e proposta de resolución.

A Comisión de Valoración estará composta polo Alcalde-presidente, os concelleiros/as delegados/as responsables das áreas de educación e servizos sociais e unha traballadora social, actuando como secretario un funcionario da Corporación.

10. IMPORTE DAS AXUDAS.

O importe das axudas, en función da renda per cápita, faise tendo en conta as axudas ás que teñen dereito segundo as diversas Ordes convocadas pola propia Xunta de Galicia (DOG nº 94, de 20 de maio), de forma que:

- a) Non existen axudas para educación infantil.
- b) Existen axudas para a adquisición de libros de texto, en función da renda per cápita familiar (Orde de 3 de maio de 2019 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).
- c) Existen axudas para adquisición de material escolar que teña unha renda per cápita familiar inferior a 5.400,00 €, por importe de 50,00 € (Orde de 3 de maio de 2019 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional).

A contía das axudas será:

- Educación infantil (en función da renda per cápita):
 - Ata 5.400,00 €: 90 €.
 - De 5.400,00 € a 9.000,00 €: 70 €.
- Educación primaria e ESO (en función da renda per cápita):
 - Ata 5.400,00 €: 40 € (que, conxuntamente coa axuda da Consellería suma 90,00 €).
 - De 5.400,00 a 9.000,00 €: 70 €.

11. PAGO.

O pago destas axudas realizarase por medio dun bono polo importe da axuda cambiabile nos distintos establecementos adheridos sitios no termo municipal de Ordes.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só poderá ser utilizado nun establecemento.

Os vales emitidos terán validez unicamente para o presente curso escolar e poderán ser trocados ata o 29 de maio de 2020.

12. PRESENTACIÓN DOS TALÓNS DE CARGO.

Os establecementos, unha vez retirado a totalidade do material polos beneficiarios, deberán achegar ao Concello de Ordes a documentación seguinte:

- A comunicación da aceptación da librería, segundo ANEXO III.
- Os talóns de cargo, nos cales se especificará:
 - O NIF ou NIE do establecemento.

- O nome do titular do establecemento (empresa/apelidos e nome).
 - Os datos do establecemento (denominación comercial, dirección completa, concello e provincia).
 - A data do talón de cargo.
 - O número do talón de cargo.
 - A relación de todos os titulares de bono que se xunten ao talón de cargo.
 - Os artigos polos que trocou cada titular os seus vales.
 - O importe total dos vales relacionados no talón de cargo.
- Xunto co anterior, válelos que soportan as devanditas facturas, asinados polas persoas beneficiarias da axuda e pola librería.

En ningún caso abonarase un importe superior ao realmente xustificado como material retirado por cada beneficiario, nin tampouco superior ao importe ao que dá dereito o bono.

As facturas tramitaranse e serán abonadas de acordo co disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e demais normativa de aplicación ás Administracións públicas.

13. INCOMPATIBILIDADES.

Estas axudas serán compatibles con calquera outro beneficio da mesma finalidade que poidan recibir de entidades ou persoas públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Os cambios na situación económica dos beneficiarios serán comunicados aos servizos sociais de base. De non facerse así se procederá á retirada ou devolución da subvención.

As persoas que poidan ser beneficiarias dos programas de gratuidade de libros de texto só poderán acollerse ás axudas para material escolar.

En todo caso serán incompatibles coas axudas xa outorgadas polo Concello de Ordes ao amparo da convocatoria de axudas para material escolar para o curso 2019-2020.

14. RESOLUCIÓN E RECURSOS.

Cumpridos os trámites para a instrución do procedemento e fiscalizada a proposta pola intervención municipal, a Xunta de Goberno Local ditará a resolución que proceda no prazo dun mes, computado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria, de conformidade co establecido no art. 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución estimatoria ou desestimatoria poñen fin á vía administrativa, e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o Sr. alcalde-presidente, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo da concesión, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte ao da notificación da resolución ése expresa, de non selo, o prazo será de seis meses, a contar desde o día seguinte a partir do cal se entenda producida a desestimación por acto presunto.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2019-2020

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA

CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

TELÉFONO	MÓBIL	DIRECCIÓN ELECTRÓNICA

DISCAPACIDADE IGUAL Ou SUPERIOR AO 33%	SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO
<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

DATOS DO/OS CENTRO/S (DENOMINACIÓN):

DATOS DO/OS/DA/S ALUMNO/S/ALUMNA/S PARA O/A OS/AS CAL/ES SOLICITA A AXUDA:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO

ESTUDOS QUE REALIZA:

DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%

- SI
- NON

ANEXO I (CONTINUACIÓN)

DATOS FAMILIARES (referidos a 31 de decembro de 2018):

Número de membros da unidade familiar distintos do/s/da/s alumno/s/alumna/s para o/s/a/s solicítase a axuda e da persoa solicitante.

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO	DISCAPACIDADE

Indicaranse os datos:

- Dos/das fillos/as menores de idade con excepción de/os da/s alumno/s alumna/s para o/s a/s solicita axuda e do/s da/s emancipados/as.
- Dos/das fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados/as xuridicamente, suxeitos/as á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Dos/das fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar en 31 de decembro de 2018.
- No caso de ter discapacidade igual ou superior ao 33% indicárase SI no apartado correspondente, noutro caso deixarase en branco.

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que acepta as bases da convocatoria na súa integridade, cumpre os requisitos esixidos por esta e son certos todos os datos que constan na solicitude.
2. Que se atopa ao día no cumprimento dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha débeda coa Administración municipal.
3. Que:
 - o Non solicitou nin recibiu axuda ningunha para a mesma finalidade.
 - o Solicitou ou recibiu axuda para a mesma finalidade por importe de _____ €, pero que no seu conxunto, xunto con esta, non supera o custo total do material adquirido.

Para estes efectos comprométese a achegar cuantos xustificantes sexan requiridos polo Concello de Ordes.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (segundo Base 9.I):

ANEXO I (CONTINUACIÓN)

A/s persoa/s abaixo asinante/s

- Autoriza/n.
- Non autoriza/n

Ao Concello de Ordes a solicitar da Axencia estatal de Administración Tributaria, dos servizos tributarios da Xunta de Galicia e á Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento da súa obrigacións tributarias e de seguridade social para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención ou axuda económicas aos/as estudantes que cursen estudos en centros de ensino sostidos con fondos públicos para compra de material escolar para alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria convocados por este Concello.

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto pola Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor da Lei 35/2006, polo que se aproba a Lei de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas; no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen ás AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións e arts . 12 e seguintes do RD 209/2003, de 21 de febreiro polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega dos certificados polos cidadáns.

Así mesmo autorizan á consulta dos datos tributarios dos tributos propios do Concello de Ordes.

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO	AUTORIZA CONSULTA	FIRMA

Firma da persoa solicitante

Lugar e data
En Ordes, a

de de 2020.

ANEXO II

VALE PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2019/2020

O presente bono expídese a nome de , con DNI/NIF , con domicilio en , teléfono , e serve unicamente para a realización de gastos para compra de material escolar para alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria segundo dispón a Convocatoria efectuada para os efectos por este Concello, e referida aos/ás alumnos/as que de sucesivo detállanse e polos importes máximos indicados:

NOME DO/A ALUMNO/A	CURSO	IMPORTE DA AXUDA	GASTO EFECTUADO ¹

(¹) Se o importe é inferior ao máximo indicado, a LIBRERÍA fará constar o gasto realmente efectuado.

DECLARACIÓN DO BENEFICIARIO:

DON/DONA , con NIF :

- Acepta a axuda e comprométese a cumprir as condicións establecidas nas bases da Convocatoria.
- Recibe con cargo ao vale o material escolar polo importe indicado.
- Atópase ao día nos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social.
- Declaro responsablemente que:
 - o Non solicitei/recibín outra axuda para a mesma finalidade.
 - o Solicitei/recibín outra axuda para a mesma finalidade da (indicar Administración ou empresa) por importe de €, pero que no seu conxunto, xunto con esta, non supera o custo total do material adquirido.
- Que o gasto realmente efectuado é o que figura na columna cuberta pola LIBRERÍA.

DATOS DA LIBRERÍA (para ser cubertos por esta)

DENOMINACIÓN	DNI/NIF da persoa titular

Firma e selo da LIBRERÍA	CONFORME (firma do beneficiario)

En , a de de 2020

ANEXO III

COMUNICACIÓN ACEPTACIÓN LIBRERÍAS

Don/Dona _____, con DNI/CIF _____, como
Titular/Representante da LIBRERÍA:

Declaro responsablemente:

1. Que os datos da librería son os seguintes:

DENOMINACIÓN

--

CIF/NIF (de ser distinto ao do titular)

--

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

--	--	--	--	--

C. POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

TELÉFONO

--	--	--	--

FAX

DIRECCIÓN ELECTRÓNICA

--	--

2. Que os datos bancarios para efectuar o pago son os seguintes:

TITULAR DA CONTA	Nº da conta bancaria (24 díxitos)					
	IBAN					

3. Que acepta adherirse ao sistema para xestionar as AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2019-2020 convocadas polo Concello de Ordes, aceptados as súas bases reguladoras na súa integridade.
4. Que está ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social e non se atopa incurso en causa ningunha de prohibición para contratar coa Administración, previstas no artigo 60 do TRLCSP.
5. Que autorizo ao Concello de Ordes para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 7 de xullo de 2009.

FIRMA DA PERSOA TITULAR OU REPRESENTANTE DA LIBRERÍA

Lugar e data

En _____ a _____ de de 2020.